



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTESEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 11/2009

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.	No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día vinteseis de novembro de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D ^a M ^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.
CONCELLEIROS D ^a Ana A. Incera Ares. D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. Xaime Cancio Rodríguez. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
<u>NON ASISTE</u> D. Ángel Cao Pérez.	
<u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.	
SECRETARIA D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	

1. – APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATA 17-09-09 E 30-10-09.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 17 de setembro e 30 de outubro de 2009 e que foron oportunamente distribuídas coa convocatoria.

Toma a palabra o portavoz do BNG, quen manifesta que quere realizar unha corrección á acta de 30 de outubro de 2009, na moción terceira, sobre o inmovible da galescola, de forma que onde di: “o Concello tiña que ter cedido o inmovible”, debe dicir: “o Concello incumpriu o convenio inxustificadamente retrasando a cesión de uso”.

O Sr. Alcalde replícalle que o que di está fora de lugar, que a acta recolle o que dixo. Non foi o Concello o que incumpriu se non a vicepresidencia da Xunta.

O Sr. Basanta insiste que a acta non recolle o que se dixo.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde lle di que o que tiña que facer a Vicepresidenta foi equipala e non o fixo porque non lles interesou. Se equivocaron e hai que admitir os erros. Non obstante vaise comprobar coas gravacións o tenor literal do que pide que se recolla.

Non producíndose máis intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión, coa corrección realizada, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- COMPATIBILIDADE D. ISMAEL PORTO BARCIELA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a compatibilidade de D. Ismael Porto Barciela.

Non habendo intervencións o asunto sométese a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 PP).
- Abstencións. 3 (BNG).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Recoñecer a D. Ismael Porto Barciela a compatibilidade co exercicio da actividade de profesor de Dirección de Actividades Musicais na Escola de Música de Foz, cunha xornada laboral de 7,5 horas á semán, co exercicio da actividade de profesor de saxofón na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, cunha xornada laboral de 25 horas á semán.

SEGUNDO. Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

TERCEIRO. Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade solicitada, igualmente se comunicará ao Centro no que desenvolve a outra actividade.

3.- COMPATIBILIDADE D. JORGE CASTRO FERNÁNDEZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a compatibilidade de D. Jorge Castro Fernández.

Non habendo intervencións o asunto sométese a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 PP).
- Abstencións. 3 (BNG).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Recoñecer a D. Jorge Castro Fernández a compatibilidade co exercicio da actividade de profesor de Gaita Galega na Escola de Música de Foz, cunha xornada laboral de 8 horas á semán, co exercicio do posto de traballo de Informador Xestor do Instituto Social da Marina, cun horario de 7:30 a 15:00 horas de luns a venres.

SEGUNDO. Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

TERCEIRO. Notificar o presente Acordo ao interesado, recoñecendo a compatibilidade solicitada, igualmente se comunicará ao Centro no que desenvolve a outra actividade.

4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE UNHA REFORMA FISCAL BAIXO CRITERIOS DE XUSTIZA, EQUIDADE E PROGRESIVIDADE.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a moción do BNG sobre unha reforma fiscal baixo criterios de xustiza, equidade e progresividade.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica a moción.

A continuación, intervén o Sr. Alcalde, quen lle recrimina ao Sr. González Basanta que di cousas que non son certas, se non que a reforma vai para as clases medias-altas, e si se quere que se paguen as pensións a presión fiscal ten que darse. Continúa dicindo que o argumento do BNG é un argumento pobre para traer a un pleno, xa que está dicindo que non se suban os impostos. Anuncia que o PSOE se vai abster para non crear alarma social.

Toma a palabra o Sr. Fernández Manín para dicirlle ao representante do BNG que que digan que as políticas do PSOE e do PP van na mesma liña é imposible. En segundo lugar, anuncia que o seu grupo vaise abster.

O portavoz do BNG explica que nun pleno de calquera municipio, por moi pequeno que sexa, débense discutir cuestións de política, e máis aínda se son cousas que afectan ao municipio. A cuestión non é se debe haber impostos, se non onde se deben repercutir eses impostos.

O Sr. Fernández Manín lle replica ao Sr. González Basanta que esta moción ven a colación de que este ano o BNG non lle fixo falla para aprobalos orzamentos do Estado.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que van a aguantar que as pensións non contributivas se sigan pagando e que o Pacto de Toledo siga funcionando. Por última, lle recorda ao portavoz do PP que cando o seu partido gobernaba tamén subiu os impostos.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 9 (6 PSOE) (3 PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Ínstase á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a retirada da proposta de incremento do IVE contemplada nos Ornamentos Xerais do Estado, e presente unha nova proposta onde non se incrementen os impostos indirectos, e se dote ao sistema tributario de maior progresividade. Polo tanto, que se acometa unha reforma fiscal baixo os principios de progresividade, equidade e xustiza tributaria, que implique unha menor presión fiscal para as rendas medias e baixas, e maior presión fiscal ás rendas máis altas, e implique tamén gravar con maior progresividade as rendas procedentes do capital e de actividades especulativas, así como a adopción de medidas efectivas contra a fraude e a evasión fiscal.

5.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O MANTEMENTO DAS OFICINAS DE I+B E DOS PROGRAMAS QUE DESENVOLVEN ACTUALMENTE EN MATERIA DE INCLUSIÓN SOCIAL, FAMILIA E MENORES .



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a moción do BNG sobre o mantemento das oficinas de I+B.

Toma a palabra o portavoz do BNG que explica a moción.

A continuación o Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo na Comisión Informativa pediu que se engadise á moción que “coordine eses centros cos Concellos” para votar a favor da moción, cousa que non quería o BNG.

O portavoz do PP explica que o seu grupo ten clarísimo que eses centros viñan sendo “concellos paralelos” porque se lles quitaron competencias aos concellos en favos das oficinas. Polo que o seu grupo vai votar en contra, así que si se remata a subvención se rematan os contratos.

O portavoz do BNG intervén para dicirlle ao portavoz do PP que o seu grupo quería controlalo dende outro punto de vista.

Volve a insistir o Sr. Alcalde que ao seu grupo si se coordina cos Concellos lle interesa, pero si se van a montar chiringuitos para coordinar persoas non lle interesa.

O Sr. González Basanta lle contesta ao Sr. Alcalde que está dicindo o mesmo que dixo a Directora Xeral.

Ao que o Sr. Alcalde lle responde que o mesmo que dixo o sindicato ao que o Sr. González Basanta representa.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 3 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

-Instar á Xunta de Galiza a:

1. Manter as oficinas de I+B coas funcións actuais en materia de familia, igualdade, menores e inclusión social e que se coordine eses centros cos Concellos.

2. Dar continuidade ao proceso de consolidación de emprego para as traballadoras e traballadores das oficinas de I+B.

-Comunicar este acordo aos grupos do Parlamento Galego.

6.- MOCIÓN DO BNG E DO PP SOBRE O PORTO DE ALCOA E ACTUACIÓNS PARA A CREACIÓN DUN NOVO PORTO COMERCIAL NA COMARCA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a moción do BNG e do PP sobre o porto de Alcoa e actuacións para a creación dun novo porto comercial na comarca.

O Sr. Alcalde explica que o seu grupo non está de acordo porque son conscientes de que poden mermar noutros portos importantes coma Celeiro e Ribadeo, polo que ata que iso non se presente seriamente no van a votar a favor. Se debe aclarar se están de acordo os pobos de Ribadeo e Celeiro, así coma que pensa Alcoa.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (3 PP e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (PSOE).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Os Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e do Partido Popular (PP) solicitan que o Pleno da Corporación acorde instar ao Ministerio de Fomento a que dé conta do estado no que se atopan as negociacións coa empresa concesionaria. Asemade, no caso de que éstas non se iniciasen, solicítase que se inicien de inmediato, para a apertura ao tráfico comercial xeral do dique norte que a multinacional ALCOA xestiona no porto comercial de San Cibrao.

Segundo.- Os Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e do Partido Popular (PP) solicitan que o Pleno da Corporación acorde instar ao Consello da Xunta a que proceda aumentar a representación lucense no órgano rector da Autoridade Portuaria, en concordancia coas achegas que o Porto de San Cibrao fai á mesma, e instar ao Goberno Central (Ministerio de Fomento) á creación da Autoridade Portuaria de Lugo. A nosa é a única provincia marítima de España sen autoridade portuaria propia, engadindo a transferencia dos Portos de interese xeral do Estado á Xunta de Galicia.

Terceiro.- Os Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e do Partido Popular (PP) solicitan que o Pleno da Corporación dé traslado do primeiro punto do presente acordo ao Ministerio de Fomento, ao Presidente de Portos do Estado e aos Grupos Parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados, así como dar traslado do segundo punto do presente acordo ao Presidente da Xunta e aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

Cuarto.- O Grupo Municipal do PP acorda instar ao Goberno Central (Ministerio de Fomento) á apertura ao tráfico comercial xeral do dique norte que a multinacional ALCOA xestiona no porto comercial de San Ciprián.

Quinto.- O Grupo Municipal do PP acorda instar ao Goberno Central (Ministerio de Fomento) á creación da Autoridade Portuaria de Lugo. A nosa é a única provincia marítima de España sen autoridade portuaria propia.

Sexto.- O Grupo Municipal do PP acorda reclamar ao Goberno Central que inclúa unha partida específica nos Orzamentos Xerais do Estado de 2010 para financiar os estudos e os trámites administrativos necesarios para levar adiante estes proxectos.

7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A ADHESIÓN Á PLATAFORMA CIDADÁ “QUEREMOS GALEGO”.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a moción do BNG sobre a plataforma cidadá “Queremos galego”.

O portavoz do BNG explica a moción.

O Sr. Fernández Manín toma a palabra para dicir que o seu partido vai votar en contra da moción porque a moción é para loitar contra o goberno da Xunta.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Que o Concello de Foz se adhira á “Plataforma cidadá “QUEREMOS GALEGO”.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

8.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A VÍA DE ALTA CAPACIDADE TRAMO BARREIROS-FERROL.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a moción do BNG sobre a vía de alta capacidade tramo Barreiros-Ferrol.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación acorde instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que procedan a acordar un cronograma con prazos e consignacións orzamentarias suficientes que permitan rematar a Vía de Alta Capacidade Barreiros-Ferrol no horizonte de 2014.

Segundo.- O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) solicita que o Pleno da Corporación dea traslado do presente acordo ao Goberno do Estado, a Xunta de Galiza e aos Grupos Parlamentarios con representación na Cámara galega e no Congreso dos Deputados.

9. MOCIÓN DO PP SOBRE O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a moción do PP sobre o sistema de financiamento da Lei de dependencia.

O portavoz do PP explica a moción.

O Sr. Alcalde toma a palabra para explicar que o seu grupo votou en contra na Comisión Informativa porque foi un goberno socialista de Madrid quen xa puxo moito diñeiro, e o seu grupo pensa que se o Estado pon un millón de euros a Xunta debe poñer 500.000 euros, porque teñen que colaborar cos Concellos, xa que teñen que repartir o diñeiro que lle da o Estado para os Concellos. Continúa a súa intervención dicindo que por coherencia coa Lei do Goberno hai que dicir que non; pasa o mesmo que co Plan E, xa que debería a Xunta facer outro, pero que non se queixe do que está facendo o Goberno Central, porque se é para figurar no escenario sen facer nada, non é de recibo.

O portavoz do PP di que se aprobou a lei, entrou en vigor e hai xente que non ten asistencia, aínda que foi valorada. Anuncia o voto favorable do seu grupo.

Insiste o Sr. Alcalde que non é un problema de Madrid, si non de Santiago que ten o diñeiro atascado. Se está desenvolvendo diñeiro a Madrid da Lei da dependencia.

O portavoz do PP lle pregunta ao Sr. Alcalde se está seguro de iso.

Ao que lle responde que si.

O portavoz do PP engade que o vai a traer exacto para o seguinte Pleno.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo, por coherencia, ten que votar en contra.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que para o seu grupo o significativo é que se veña agora con esta moción, despois de lanzar ataques ao BNG cando se levaba dende Vicepresidencia, e cando o PP está agora facendo cousas como non recollelo nos orzamentos do ano que ven. Se trata dun asunto dun goberno de esquerdas. Engade que o PP está atendendo o tema peor que cando o levaba o BNG, e lle pide que deixen de aferrar neste.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Lle replica o portavoz do PP que na Xunta o BNG deixou orzamentado 165 millóns de euros e para o ano 2010 o PP orzamentou u 74% máis, e tamén consignou en mantemento de centros de día, así que non están parados, se aumentou o que tiña que aumentarse.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que parece que o malo da película e o PSOE, que resulta que é o que propuxo a lei de dependencia e o que lle puxo cartos, o BNG xa cumpriu e o PP vai cumprir, parece que o que deberíamos facer é felicitarnos.

O portavoz do PP remata o turno de intervencións dicindo que para o próximo pleno.

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (PP).
- Votos en contra: 6 (PSOE).
- Abstencións: 3 (BNG).

Non resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeira.- Instar ao Goberno Central a que asuma o 50% do custo do servizo efectivo outorgado polas CC.AA. na Lei de Dependencia, buscando o cumprimento da lei.

Segunda.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a devolver aos Concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre Concellos, Deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante.

Terceira.- Instar ao Goberno Central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento de Galicia.

Cuarta.- Instar á Xunta de Galicia e aos Gobernos Municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, teleasistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos.

10. MOCIÓN DO PP SOBRE AMPLIACIÓN DO MUSEO PROVINCIAL DO MAR.

Pola Secretaría da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 19 de novembro de 2009, sobre a moción do PP sobre a ampliación do Museo Provincial do Mar.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo diría que si a este se tamén se incluíse unha partida para o Centro de Interpretación da Mariña de Lugo.

O portavoz do BNG di que o seu grupo votou en contra na Comisión Informativa porque o PP gobernou na Deputación e xa no ano 2002 e 2003 se dixo que xa estaba amañado e agora, despois de que se chegaran a boas relacións cos propietarios dos terreos, veñen con esta moción.

Se decide engadir á moción o seguinte texto: "e montaxe do Centro de Interpretación da Mariña de Lugo".

Non habendo máis intervencións, procédese á votación do asunto, resultando o seguinte:

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 PP).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o acordo o seguinte acordo:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Instar á Deputación Provincial de Lugo a incorporar dentro das súas previsións orzamentarias para o ano 2010 unha partida en cantidade suficiente para acometer o proxecto de ampliación do Museo Provincial do Mar e montaxe do Centro de Interpretación da Mariña de Lugo.

11. DACIÓN DE CONTAS NOVO FONDO DE INVESTIMENTO LOCAL.

Dáse conta polo Sr. Alcalde do escrito que se levou á Comisión Informativa en relación ás obras que posiblemente se incluírían no novo FEIL.

12. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE CONCELLEIRO D. ÁNGEL CAO PÉREZ.

Dáse conta do escrito de renuncia á acta de Concelleiro de D. Ángel Cao Pérez, presentado no Rexistro de Entrada do Concello con data 14 de novembro de 2009 (N.R.E. 6540), quedando enterados os señores asistentes. Do cese darase traslado á Xunta Electoral Central para os efectos oportunos.

A continuación se introduce por urxencia o seguinte punto da orde do día:

13. DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E OS MOVEMENTOS DA TESOURERÍA.

En primeiro lugar se procede á votación da urxencia para introducir o asunto na orde do día, resultando aprobada por unanimidade.

Se da conta aos Srs. Concelleiros do estado de execución do orzamento e os movementos de tesourería ata o día da data.

14. DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DA ÁREA SANITARIA DA MARIÑA LUCENSE.

O Sr. Alcalde explica que o seu grupo non quere facer leña de nada, e non queren que quiten a xerencia de Burela, pero imaxinando a xerencia en Lugo pódese desmantelar o hospital de Burela. A xerencia de Lugo vai tirar do hospital de Burela para cubrir prazas en Lugo, e din que non, pero entón por qué non nos deixan estar coma estamos. Por iso o PSOE apoia esta plataforma, e que se deixe todo coma está, con médicos e enfermeiras propias. Píde que non se volva para atrás, a aquela época en que había que ir a Lugo practicamente para todo. Continúa dicindo que ata agora os gobernos que se implicaron foron os gobernados polos partidos do PSOE e do BNG; e estar votando o que o partido manda e facer de correvidille e non defender os intereses dos veciños, polo que propoñemos que se habilite unha subvención a esta plataforma de 500 € porque non teñen diñeiro nin para mercar selos para mandar cartas. A continuación le unha comunicación remitida pola Consellería.

Continúa dicindo que ese deputado está equivocado, xa que non ten a suficiente responsabilidade para facer iso. Ata agora nin o Presidente da Xunta nin a Consellería non tiveron a decencia de chamar á plataforma e garantirlles que se vai manter a xerencia.

O portavoz do BNG toma a palabra para dicir que están de acordo co discurso do PSOE porque cando se fala de eficiencia e de optimizar recursos xa se sabe o que significa, que é suprimir servizos. O que deben de facer é parar todo, ampliar o hospital e meter máis especialidades, e despois se falará de xestión, porque se os cartos os manexan outros...

O portavoz do PP di que o seu grupo está en contra de que se aporte porque non se sabe a onde irán a parar eses cartos.

A continuación procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Votos a favor: 9 (6 PSOE e 3 PP).
- Votos en contra: ningunha.
- Abstencións: 3 (BNG).

Resultando aprobado o acordo o seguinte acordo:

Tramitar o expediente oportuno para conceder unha subvención de 500 € á plataforma de apoio ao Hospital de Burela.

15.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 15 DE SETEMBRO AO 23 DE NOVEMBRO DE 2009.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 15 de setembro ao 23 de novembro de 2009, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

O PSOE presenta a seguinte moción sobre o plan galego de acuicultura:

“EMENDA A “MEMORIA-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN GALEGO DE ACUICULTURA (REVISIÓN DO PLAN SECTORIAL DOS PARQUES DE TECNOLOXÍA ALIMENTARIA)”

“MEMORIA-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN GALEGO DE ACUICULTURA (REVISIÓN DO PLAN SECTORIAL DOS PARQUES DE TECNOLOXÍA ALIMENTARIA)”

Para entender claramente o que se pretende é preciso ter en conta o seguinte:

1.-O Plan Galego de Acuicultura, deseñado pola antiga Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, establece que os terreos para a construción de plantas acuícolas serían adquiridos pola administración e logo adjudicados nun concurso público o mellor proxecto dende o punto de vista económico, social, medio ambiental, tecnolóxico, etc.

2.-Esta fórmula permite que os terreos expropiados ós seus propietarios históricos pasen a ser propiedade pública e que, no suposto caso de que o proxecto acuícola fracase, volvan a ser ofertados a outra empresa ou proxecto viable.

3.-Permite ofrecer un xustiprecio establecido a través dun procedemento regulado que non permite o chalaneo nin o engano e que impide o uso dos terreos para outra finalidade nin a especulación.

QUE PRETENDE A MODIFICACIÓN PROPOSTA POLA CONSELLERÍA DO MAR?

- a) A Consellería do Mar pretende que sexan as empresas acuícolas as que compren os terreos mediante negociación directa cos propietarios polo que pasarían a ser propiedade da empresa e rexistrados como tal no rexistro da propiedade.
- b) En caso de que a empresa acuícola non acade un acordo cos propietarios dos terreos, a Administración expropiaría as fincas obxecto de disputa “pero sempre en beneficio da empresa que vai desenvolver o proxecto sectorial...”, tal como recolle o texto que se somete á vosa información.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

QUE SIGNIFICA ISO?

- Que os terreos pasan a ser propiedade da empresa promotora.
- Que, en caso de que fracase o proxecto acuícola, as ruínas do mesmo seguirán alí por tempo indefinido xa que a administración non poderá dispor dos terreos porque non lle pertencen.
- Foméntase a especulación xa que a propiedade dos mesmos, na beiramar, pasa a ser o primeiro obxectivo para os especuladores, pasando o proxecto acuícola a un segundo plano (non debemos esquecer que moitas empresas acuícolas son filiais de empresas constructoras).
- Esta modificación sitúa o aparello administrativo da Xunta de Galicia ó servizo da especulación e pon en mans privadas o mellor do noso patrimonio costeiro.
- Suporá agravios comparativos entre propietarios xa que non haberá un prezo homoxéneo para tódalas fincas porque todo vai a depender do chalaneo a que as empresas sometan os propietarios
- Nada garante que, no futuro, non se modifiquen as condicións urbanísticas dos terreos en cuestión xa que nos podemos atopar que o que un goberno cualifica de polígono acuícola outro o converta en chan urbanizable, NA BEIRA DO MAR!!

Por todo iso presentamos esta moción ó Pleno da Corporación Municipal de Foz.

Propoñendo esta alegación para que se manteña o Plan Galego de Acuicultura tal como foi aprobado polo Goberno Bipartito o pasado 28 de agosto de 2008, sen ningún tipo de modificación.

Entendemos que por parte da Xunta de Galicia: se pretende agora expropiar fincas privadas en beneficio doutro propietario privado”.

En primeiro lugar vótase a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

Non habendo intervencións, sométese a moción a votación, acadando o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (PSOE).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 6 (3 PP e 3 BNG).

Resultando aprobado o acordo o seguinte acordo:

Propoñer que se manteña o Plan Galego de Acuicultura tal como foi aprobado polo Goberno Bipartito o pasado 28 de agosto de 2008, sen ningún tipo de modificación.

O PP presenta a seguinte moción:

“MOCIÓN RECLAMANDO A RECTIFICACIÓN DO GOBERNO CENTRAL NA SÚA INTENCIÓN DE DESMANTELAR O EQUIPO DE EXPERTOS EN PREVENCIÓN EN CONTAMINACIÓN MARIÑA QUE OPERABAN DESDE GALICIA”

O Grupo Municipal do Partido Popular, no Concello de Foz, ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, que se fundamenta na seguinte



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Executivo Central acordou o traslado do equipo técnico que formaba parte do antigo Centro de Prevención da Contaminación (CEPRECO) ata Madrid ou a outros destinos administrativos fora da nosa comunidade, abortando polo tanto o deseño do plan de continxencia para facer fronte a un vertido como o de Prestige.

A tarefa de elaboración e deseño deste plan de acción contra vertidos mariños deu inicio a principios do 2005 a instancias do Ministerio de Presidencia –con funcións de coordinación e intermediación ministerial- a aínda sigue en fase de elaboración.

O desmantelamento por parte do Goberno de Zapatero do equipo de expertos sobre contaminación mariña asentado na torre de control marítimo da Coruña, demostra que o único interese dos socialistas en relación co desastre do Prestige foi puramente político.

Este feito pon de relevo asemade, que aquel desastre foi utilizado politicamente por PSOE e BNG para facer dano aos gobernos do PP pero que, unha vez conseguido o seu obxectivo de gobernar, o Executivo de Zapatero esquece a catástrofe, lonxe de facer avances para evitar que se repita, suprime unha estrutura que se evidenciou como moi necesaria a raíz do accidente do petroleiro.

Malia que por entón desde o PSOE e o BNG criticaron con forza a xestión da administración central e galega e insistiron na necesidade de artillar medidas para evitar desastres como o do Prestige, en canto acadaron o poder, aparcaron todas as medidas impulsadas polo Partido Popular en Galicia e en Madrid, tanto para prever e evitar accidentes dese tipo como para paliar os danos sociais e económicos causados polos vertidos do Prestige e recollidas no Plan Galicia.

O desmantelamento deste equipo de expertos demostra que para o actual executivo, o tema non lles interesa en absoluto unha vez que xa non lles produce réditos políticos.

Parece máis que evidente que os socialistas xogaron coa boa vontade de tanta xente que colaborou nas tarefas de recuperación da costa tras o Prestige e que reclamou medidas e estratexias para impedir que algo así se repita. Milleiros de persoas foron utilizados sen pudor e cuxa movilización, tal como agora se confirma, non foi tida en conta para o obxectivo de mellorar as cousas, senón que foi utilizada como escusa para os obxectivos políticos de PSOE e BNG.

Cabe subliñar finalmente que o traslado deste equipo de expertos implica o desmantelamento en Galicia dun órgano que tiña a súa mirada posta no corredor marítimo de Fisterra, polo que pasan uns 40.000 buques ao ano, dos que 12.000 transportan mercaderías perigosas. Esta realidade deberá implicar a reconsideración por parte do Goberno de España da súa decisión coa que, unha vez máis Galicia perde un servizo de máxima importancia e carácter estratéxico.

É polo que o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno do Concello a adopción da seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRA.-Instar ao Goberno Central a que rectifique na súa decisión de desmantelar e trasladar fora de Galicia ao equipo técnico adscrito ao antigo Centro de Prevención da Contaminación (CEPRECO), de tal xeito que manteña este servizo na nosa comunidade, para a coordinación interministerial e o deseño do plan de continxencias ante episodios de contaminación mariña similares ao Prestige”.

En primeiro lugar vótase a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

Non habendo intervencións, sométese a moción a votación, acadando o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (PP).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 9 (6 PSOE e 3 BNG).

Resultando aprobado o acordo o seguinte acordo:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Instar ao Goberno Central a que rectifique na súa decisión de desmantelar e trasladar fora de Galicia ao equipo técnico adscrito ao antigo Centro de Prevención da Contaminación (CEPRECO), de tal xeito que manteña este servizo na nosa comunidade, para a coordinación interministerial e o deseño do plan de continxencias ante episodios de contaminación mariña similares ao Prestige.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O PP realiza os seguintes rogos:

- 1) Que se rebachee a rúa dos Asteleiros.

O Sr. Alcalde responde que se vai a asfaltar.

- 2) Que se arranxen as canaletas no colexio Fondo Nois a as baldosas do chan da entrada e do patio.

A Sa. Incera responde que respecto ás canaletas, están limpas as tres cartas partes e a máquina está averiada.

O Sr. Alcalde respóndelle ao Sr. Fernández Manín que respecto ás baldosas é mellor que vaia mirar iso antes de trela ao pleno, porque se está pintando, se puxo tarima. De todas formas se vai mirar iso.

A Sa. Incera engade que ese colexio, pola súa situación xeográfica, require máis mantemento que os outros, os materiais se estropean antes.

- 3) Que se limpen as cunetas de Cordido.

O Sr. Alcalde lle contesta que respecto a iso xa están feitas as xestións.

- 4) En Cordido se deixaron sen limpar as cunetas dende a estrada que vai dende o Barral ata a estrada Ferreira- Cangas.

O Sr. Alcalde dille que se deixou alí porque preferentemente se limpou onde había casas e persoas.

O BNG realiza os seguintes rogos:

- 1) No alto de Mañente, que se arranxe a marquesiña e que se vote unha capa asfáltica á carreteira.

- 2) Que se sinalice a pista de Fazouro.

O Sr. Alcalde lle di que iso xa está arraxado, se ía vaiar a estrada porque non vale votar alí nada, hai que desviar a estrada para darlle solución a iso.

- 3) Que se resolva o problema de accesibilidade para centros sociais.

PREGUNTAS:

O PP realiza as seguintes preguntas:

- 1) ¿Qué se sabe das marquesiñas da estrada Ferreira-Foz?



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde explica que hai un proxecto de esa estrada que contempla áreas recreativas e marquesiñas, que parecía que eran de transportes da Xunta, así que se van a facer co Plan E.

2) ¿E San Acisclo?

O Sr. Alcalde responde que está para licitar.

3) ¿Cómo está a moción que se fixera pedindo que se arranxara a estrada de Fazouro e San Acisclo?

O Sr. Alcalde responde que se consignara no orzamento da Xunta, pero a súa sorpresa é tamén esa, porque non se chegou a San Acisclo, pero xa se lle dixo a Pedro que a ver qué pasaba.

4) ¿Cando foi aprobada esa obra?

O Sr. Alcalde di que esa obra a aprobou o PP e estaban consignados 200.000 euros e remataron a obra e chegou a onde chegou.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 25 minutos do día vinteseis de novembro de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.

